REUNIÓN DA COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 1 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 19834 (10/PNC-001612)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 4 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a execución das obras de reparación da estrada LU-710 no tramo comprendido entre o enlace coa A-6 e Baralla de xeito que teña as mesmas características e anchura que o resto da estrada arranxada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

1.2 21189 (10/PNC-001743)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a demanda pola Xunta de Galicia, aos países que levaron a cabo vertidos de residuos nucleares preto das costas galegas, da súa vixilancia estrita e constante, así como da emisión de informes do seu impacto ambiental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017

1.3 21287 (10/PNC-001750)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actividade de Elnosa, en Lourizán, na ría de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017

1.4 23399 (10/PNC-001864)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia da construción da pasarela e do itinerario peonil e ciclista entre Agrela e Marineda, no concello da Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Concello da Coruña en relación coa obra que se está a executar ao longo da avenida de Arteixo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

1.5 23712 (10/PNC-001877)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos campionatos e a Supercopa Galega de Caza do Raposo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

1.6 24316 (10/PNC-001921)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as xestións que se deben levar a cabo en relación coa inclusión de Galicia no Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

1.7 24454 (10/PNC-001929)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para arranxar as deficiencias existentes na estación de tratamento de auga potable do concello de Ordes, así como na rede de abastecemento municipal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2.ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 19834(10/PNC-001612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos trámites necesarios para a execución das obras de reparación da estrada LU-710 no tramo comprendido entre o enlace coa A-6 e Baralla de xeito que teña as mesmas características e anchura que o resto da estrada arranxada

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 11:18
Nº Rexistro: 19834
Data envio: 07/11/2017 11:18:00.807

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de **Concepción Burgo López, Luis Manuel Álvarez Martínez, José Antonio Quiroga Díaz, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No arranxo feito da estrada LU-710 que une O Cádavo e Baralla, deixouse sen modificar o tramo que vai dende o enlace da A-6 ata Baralla.

Esta é unha estrada sinuosa, estreita e que está en moi mal estado, sendo un perigo para os usuarios que son moitos dado que a LU-710 é o enlace máis directo do núcleo central de Baralla ca A-6, polo que é necesario arranxala con urxencia, e modificala dándolle un ancho de 9 metros e facendo variacións no trazado para corrixir as curvas.

A necesidade desta intervención foi recoñecida pola Xunta de Galicia en 2010, cando o conselleiro de Infraestruturas e Territorio, Agustín Hernández, comprometeuse a facer as obras neste tramo e garantiu que tería as mesmas características que os quilómetros xa arranxados. Pero, como é moi habitual coa Xunta de Galicia, as promesas foron incumpridas e nunca máis se soubo sobre este arranxo.

É absolutamente necesario que a Xunta cumpra as súas promesas e arranxe, no menor tempo posible, este tramo da estrada LU-710 para aumentar a seguridade dos usuarios.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 11:18
Nº Rexistro: 19834
Data envio: 07/11/2017 11:18:00.807

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar, nun prazo máximo de seis meses, os trámites necesarios para realizar as obras de arranxo da estrada LU-710 entre o enlace ca A-6 e Baralla, de tal maneira que este tramo teña as mesmas características e a mesma anchura de 9 metros que o resto da estrada xa arranxada."

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
José Antonio Quiroga Díaz
Raúl Fernández Fernández
María Luis Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2017 11:12:22

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/11/2017 11:12:33

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/11/2017 11:12:40

Raúl Fernández Fernández na data 07/11/2017 11:12:46

María Luisa Pierres López na data 07/11/2017 11:12:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2017 11:12:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 21189(10/PNC-001743)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia, aos países que levaron a cabo vertidos de residuos nucleares preto das costas galegas, da súa vixilancia estrita e constante, así como da emisión de informes do seu impacto ambiental

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 18:03
Nº Rexistro: 21189
Data envio: 05/12/2017 18:03:01.001

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu deputado e vicevoceiro **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As costas galegas arrastran unha longa historia de contaminación. Lembramos fai pouco o triste aniversario do Prestige, pero, por desgraza, non é o único fito negro que temos que ter presente. Hai outros que, ademais, contan co agravante de ter sido deliberados.

Durante décadas, oito países europeos verteron residuos nucleares preto da nosa terra. Entre 1949 e 1982, Gran Bretaña, Bélxica, Holanda, Francia, Suíza, Suecia, Alemaña e Italia desfixéronse dunhas 140.000 toneladas de material contaminante na Foxa Atlántica. Empregaron para elo bidóns de aceiro e formigón que non estaban deseñados para conter indefinidamente os residuos. Algúns dos vertidos, como os británicos de 1964, permanecen a só 200 quilómetros de Asturias. Non obstante, 35 anos despois, os gobernos do Partido Popular prefiren mirar cara outro lado en vez de fiscalizar se o material supón algún tipo de risco para o medio ambiente e a saúde. De feito, ninguén parece ter moi claro a quen lle corresponde vixialo.

O Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA), que considera os residuos de baixa intensidade, asegura que non é a súa competencia vixiar o seu estado. A Organización Marítima Internacional (IMO) entende que o control das

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 18:03
Nº Rexistro: 21189
Data envio: 05/12/2017 18:03:01.001

verteduras lle atinxe á OIEA e á OSPAR, unha organización creada por diversos gobernos europeos e a propia Unión Europea co obxecto de protexer o medio ambiente mariño no Atlántico nororiental. Porén, a OSPAR nin sequera sabe cando se realizou o último estudo sobre os bidóns radioactivos ou cando se realizará o próximo. Mentres tanto, o Estado español limítase a botar balóns fora dicindo que non é a súa competencia. Ao parecer, protexer a saúde dos españois e o medio ambiente non forma parte das súas atribucións.

Non tería que ser preciso subliñar que os vertidos de residuos nucleares precisa dun control constante, xa que os riscos que entrañan non desaparecen co paso do tempo. Polo tanto, é de xustiza que os responsables de depositar milleiros de toneladas de material contaminante ao carón das nosas costas asuman a responsabilidade dos mesmos, vixiándoos e elaborando informes que garantan á limpeza das augas. Neste sentido, o Goberno da Xunta e do Estado español teñen que facer valer os intereses dos galegos e galegas perante o resto da Comunidade Europea. A inacción política de Núñez Feijóo e Mariano Rajoy neste tema podería ter consecuencias funestas para todos e todas nós.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar aos países responsables dos vertidos que os manteñan baixo unha vixilancia estrita e constante, e que emitan informes ao respecto para garantir que non están contaminando o medio ambiente.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García
Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 18:03
Nº Rexistro: 21189
Data envio: 05/12/2017 18:03:01.001

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 05/12/2017 18:01:24

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 21287(10/PNC-001750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa actividade de Elnosa, en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21287
Data envio: 11/12/2017 11:19:54.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A empresa portuguesa CUF, propietaria da fábrica de cloro de ELNOSA ubicada en terreos de dominio público marítimo terrestre en Lourizán, solicitou que a Xunta de Galicia tramite e aprobe un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para facilitar a permanencia da fábrica no actual emprazamento. A aprobación desta figura urbanística permitiría saltar a competencia municipal e a incompatibilidade da fábrica de ELNOSA co planeamento do concello de Pontevedra. Cómpre lembrar, ademais, que este procedemento debería ir acompañado da prórroga da concesión, que ten data de caducidade no ano 2018.

Trátase, en definitiva, de empregar a mesma folla de rota (proxecto sectorial e lexislación de costas a medida) aplicado para favorecer a permancencia de ENCE na ria até 2073. Isto é, adaptar a lei para favorecer os intereses de empresas amigas, regalándolles terreos de dominio público, e prexudicando o interese xeral, xa que se trata de industrias contaminantes e que teñen unha ubicación absolutamente irracional, contaminante, nociva e perigosa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21287
Data envio: 11/12/2017 11:19:54.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. En relación coa situación de ELNOSA, cómpre tamén lembrar que conta coa Autorización Ambiental Integrada (AAI) aprobada pola Xunta de Galicia en outubro de 2016 e que ten vixencia ata decembro de 2017. E que existe normativa europea, de aplicación obrigada, que impide a continuidade da empresa coa utilización de mercurio no proceso de fabricación de cloro máis alá desta data.

Co obxecto de saltar esta data de caducidade, a empresa solicitoulle á Xunta de Galiza a revisión da Autorización Ambiental Integrada (AAI) para legalizar o proceso de fabricación de cloro con tecnoloxía de membrana no actual emprazamento de Lourizán.

Cómpre sinalar a este respecto que o cambio tecnolóxico proposto suporá unha modificación significativa no consumo anual de auga nunha zona que está en alerta hidrolóxica, xa que vai pasar de 200.000 a 300.000 m3. Tamén se producirá un incremento moi importante na vertedura de augas residuais, que se incrementará nun 100%, pasando de dos 55.000 m3 actualmente autorizados a 100.000 m3 ao ano.

Estas mudanzas significativas das condicións da actual autorización ambiental fan necesaria a tramitación dun estudo de avaliación de impacto ambiental, tal como determina a Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

Por outra parte, os cambios previstos van supoñer unha modificación substancial na actividade da fábrica, polo que semella obrigatoria a autorización urbanística do concello de Pontevedra.

3. Máis alá da aplicación da normativa europea que obriga a facer o cambio tecnolóxico antes de decembro de 2017, a realidade é que o complexo electroquímico está situado na contorna urbana de Pontevedra, nunha área densamente poboada e sobre terreos de dominio público marítimo terrestre. Razóns todas elas máis que suficientes para denegar a continuidade da fábrica na actual ubicación, promover o seu traslado e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21287
Data envio: 11/12/2017 11:19:54.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recuperar para usos sociais os terreos de dominio público. O sentido común, o sentido da xustiza, o respecto ao medio ambiente e a propia normativa aprobada pola Xunta de Galiza (Directrices de Ordenación do Territorio e Plan de Ordenación do Litoral) son argumentos de peso para a non continuidade da fábrica nas marismas de Lourizán.

A este respecto cabe sinalar que a Consellaría de Medio Ambiente e a Sociedade Electroquímica do Noroeste asinaron o 30 de outubro de 2013 un protocolo de colaboración para o cesamento das actividades produtivas da referida empresa na zona marítimo-terrestre de Lourizán.

Este protocolo establecía, entre outros, os seguintes acordos:

a) O compromiso de ELNOSA a presentar á Xunta de Galiza, no prazo de dez meses desde a sinatura do protocolo, un estudo no que se propoñan, como mínimo, dúas localizacións para a súa industria de produción de cloro, alternativos ao actual de Lourizán, situados no territorio de Galiza, un deles polo menos na área de influencia de Pontevedra, considerándose esta ubicación como a preferente.

b) Con independencia de que finalmente se consiga ou non unha nova situación axeitada que conte coa aprobación da Xunta, dos concellos afectados e de ELNOSA, esta comprométese a iniciar o proceso para o cesamento ordenado e progresivo da súa actividade de produción na súa actual ubicación en Lourizán a partir do 31 de decembro de 2016. A produción de cloro líquido cesará efectivamente con data 31 de agosto de 2107, e a produción de ácido clorhídrico e hipoclorito sódico o día 31 de outubro de 2017.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21287
Data envio: 11/12/2017 11:19:54.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir e facer cumprir o protocolo subscrito no ano 2013 pola Consellaría de Medio Ambiente coa empresa ELNOSA, no que esta se comprometía a iniciar o proceso para o cesamento ordenado e progresivo da súa actividade de produción na súa actual ubicación en Lourizán a partir do 31 de decembro de 2016. A cesar efectivamente a produción de cloro líquido con data 31 de agosto de 2107, e a produción de ácido clorhídrico e hipoclorito sódico o día 31 de outubro de 2017.

2. En consecuencia co anterior, denegar a revisión da Autorización Ambiental Integrada, a tramitación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e informar negativamente sobre a prórroga da concesión."

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2017 11:19
Nº Rexistro: 21287
Data envio: 11/12/2017 11:19:54.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/12/2017 11:12:59

María Montserrat Prado Cores na data 11/12/2017 11:13:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/12/2017 11:13:06

Olalla Rodil Fernández na data 11/12/2017 11:13:11

Noa Presas Bergantiños na data 11/12/2017 11:13:14

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2017 11:13:18

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 23399(10/PNC-001864)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia da construción da pasarela e do itinerario peonil e ciclista entre Agrela e Marineda, no concello da Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Concello da Coruña en relación coa obra que se está a executar ao longo da avenida de Arteixo

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 11:07
Nº Rexistro: 23399
Data envio: 17/01/2018 11:07:03.364

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas**,** Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo Pouso,Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodriguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, vén desenvolvendo un ambicioso programa de vías peonís e ciclables por toda Galicia, coñecido como o Plan de Sendas de Galicia.

O plan, que está a ser desenvolvido en diversas fases, abrangue a práctica totalidade de comarcas de Galicia e está vinculado á propia rede de estradas de titularidade autonómica, discorrendo en moitos casos, de modo paralelo a elas para mellorar a seguridade viaria de ciclistas e peóns.

Na comarca coruñesa, están planificadas varias destas vías e sendas, pero ten especial relevancia e transcendencia a coñecida como “senda e pasarela de Marineda”, xa que vén dar solución ao cruce de peóns na estrada autonómica A Coruña-Baños de Arteixo. É esta unha zona de grande actividade comercial, e polo tanto, con grande afluencia de persoas, moitas delas que se desprazan a pé ou que queren pasar dun lado ao outro da estrada autonómica que parte o polígono comercial e industrial en dous, e que con esta pasarela e vía, quedarían unidos.

A plataforma elevada, de uso peonil e ciclista, será de 200 metros de lonxitude, aínda que polo lado dereito estenderase 700 metros para levala ata a parada de autobús que hai fronte ao centro comercial. A construción realizarase nos primeiros metros da AC-552, dende o seu inicio na glorieta Eduardo Diz López ata o cruce coa rúa Newton. Pero a partires deste punto a continuidade e nivel de accesibilidade queda interrompido.

A dita obra foi xa licitada o pasado 29 de agosto e adxudicada o pasado mes de decembro. Polo tanto, o grupo de deputadas e deputados asinantes presentan a seguinte proposición non de lei en comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 11:07
Nº Rexistro: 23399
Data envio: 17/01/2018 11:07:03.364

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

-Iniciar a construción da pasarela e o itinerario peonil e ciclista entre Agrela e Marineda no Concello da Coruña o máis axiña posible co obxectivo de que estea rematada no ano 2018.

- Dirixirse ao Concello da Coruña para que actúe no seu ámbito competencial para dar continuidade á obra que executa a Xunta cara á cidade, ao longo da Avenida de Arteixo, para conectar cun itinerario peonil accesible esta infraestrutura cara ao centro da Coruña"

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/01/2018 10:00:08

Martín Fernández Prado na data 17/01/2018 10:00:25

Jaime Castiñeira Broz na data 17/01/2018 10:00:38

Marta Novoa Iglesias na data 17/01/2018 10:00:51

Diego Calvo Pouso na data 17/01/2018 10:01:16

Gonzalo Trenor López na data 17/01/2018 10:01:25

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/01/2018 10:01:38

María Julia Rodriguez Barreira na data 17/01/2018 10:01:50

Antonio Mouriño Villar na data 17/01/2018 10:02:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 23712(10/PNC-001877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos campionatos e a Supercopa Galega de Caza do Raposo

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23712
Data envio: 19/01/2018 12:50:07.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza apoia os chamados Campionatos de caza do raposo e a denominada Supercopa Galega, unha competición na que se premia a habilidade de matar o maior número de raposos no menor tempo posíbel. O feito de tratar de equiparar actividades e prácticas deportivas con saír masivamente ao monte a matar raposos supón un exercicio de crueldade e cinismo absoluto, para tratar de xustificar a matanza sistemática destes pequenos mamíferos por mero divertimento.

A pervivencia dos chamados campionatos de caza de raposo e da denominada "Supercopa galega" amosan unha auténtica falta de respecto ao medio natural, ao medio rural e á súa veciñanza. Segundo datos de colectivos ecoloxistas, nestes "campionatos" que se desenvolven de maneira intensiva ao longo de varias semanas, participan centos de cazadores e poden chegar a abaterse máis de 200 exemplares de raposos. Estas actividades competitivas e agresivas, coa presenza masiva de cazadores no monte, provoca a morte tamén de animais salvaxes protexidos, como aconteceu recentemente no concello de Barro coa morte dun lobo por disparos mentres se celebraba unha proba

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23712
Data envio: 19/01/2018 12:50:07.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do campionato galego de caza do raposo, e como ten acontecido en edicións anteriores desta competición.

A Xunta de Galiza colabora economicamente coa organización destas actividades agresivas, que non están xustificadas nin por razóns de control poboacional nin por potenciais danos producidos polo raposo. Segundo colectivos ecoloxistas como ADEGA, ASCEL e o Grupo de Estudio dos Animais Salvaxes (GEAS), estas competicións "non só carecen de total reprobación ética e moral senón que non teñen xustificación científica, e fanse á marxe da planificación cinexética dos tecores". Afirman tamén estas entidades que "Matar raposos non axuda a recuperar as poboacións de perdices nin de coellos**,** afectadas por múltiples factores, sinalando entre outras, tamén, ás malas prácticas cinexéticas, por sobrecaza ou por repoboacións cinexéticas con animais de granxa, así coma, os cambios no hábitat, como os monocultivos forestais"

Por outra parte, altos cargos da Xunta de Galiza e da consellaría de medio ambiente promoven, difunden, apoian e colaboran con estas batidas indiscriminadas disfrazadas como actividades sociais, deportivas e de promoción do turismo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Prohibir os chamados "campionatos de caza do raposo" e a denominada "Supercopa galega, por resultar unha competición na que se premia a habilidade de matar o maior número de raposos no menor tempo posíbel.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23712
Data envio: 19/01/2018 12:50:07.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Non subvencionar estas actividades, non apoialas nin participar na súa promoción e desenvolvemento.

3. Que ningún cargo público nin representante da administración galega asista aos actos relacionados con esta competición de morte inxustificada de fauna silvestre."

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2018 12:49:21

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2018 12:49:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2018 12:50
Nº Rexistro: 23712
Data envio: 19/01/2018 12:50:07.654

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2018 12:49:36

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2018 12:49:37

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2018 12:49:39

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2018 12:49:46

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 24316(10/PNC-001921)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as xestións que se deben levar a cabo en relación coa inclusión de Galicia no Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:02
Nº Rexistro: 24316
Data envio: 29/01/2018 17:02:51.990

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.**

As políticas de Feijóo condenan a Galicia a ser un territorio subalterno con respecto á capital. Vímolo cando o Presidente "negociou" o traspaso da AP-9 –dito sexa entre comiñas de advertencia– e estámolo vendo agora co Corredor Atlántico.

Na actualidade, o Corredor Atlántico é unha das principias redes de mercadorías da Unión Europea. O seu trazado comeza en Sines (Portugal) e chega ata Francia, a nosa porta de entrada ao resto do continente. Formar parte dela permitiríalle a Galicia renovar a súa obsoleta liña ferroviaria, cuxa ineficacia só permite transportar o 1% do total de mercadorías que pasan pola nosa terra.

Fai pouco máis dun mes, Íñigo de la Serna, Ministro de Fomento de Mariano Rajoy, asegurou aos gobernos de Galicia, Asturias e Castela e León que o próximo ano negociaríase a inclusión do noroeste español no Corredor, co obxecto de dispoñer dunha liña ferroviaria de mercadorías moderna e ben conectada co resto de Europa. "En 2018", dicía, "se iniciarán las tareas que conducirán a la aprobación de un nuevo reglamento en 2020, con los nuevos itinerarios de los corredores europeos". Non obstante, a promesa, como tantas do Partido Popular, resultou ser fraudulenta. O 15 de novembro do presente ano, o Ministerio de Fomento comunicou que Galicia non podería negociar a súa incorporación ao Corredor ata o ano 2023 e que, en calquera caso, non se tomaría ningunha decisión definitiva ata o ano 2027. Deste xeito, a nosa comunidade non

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:02
Nº Rexistro: 24316
Data envio: 29/01/2018 17:02:51.990

só é marxinada comercialmente, senón que ademais resulta excluída da posibilidade de optar aos fondos Conectar Europa (CEF) para proxectos prioritarios.

Ao mesmo tempo, os territorios que defenden os seus intereses melloran as súas condicións materiais e a súa competitividade. É o caso do País Vasco. Mentres nós seguimos desconectados e a velas vir, o País Vasco vai sumar unha nova saída ferroviaria para o porto de Bilbao que enlazará co Corredor Atlántico. A inversión prevista, nada desprezable, ascende aos 381 millóns de euros. Conseguir o apoio do Estado e de Europa é, polo tanto, posible.

O pasado 17 de xaneiro vimos como o Ministro de Fomento Íñigo de la Serna anunciou que se incorporaría Zaragoza pasando por Pamplona ao corredor europeo, noutra mostra máis de que non estaban pechadas as posibilidades de incorporar novas rutas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta ao Ministerio de Fomento a xestionar a inclusión de Galicia no Corredor Atlántico ferroviario de mercadorías nos mesmos termos e prazos que a liña Pamplona-Zaragoza e, así, poñer fin a esta discriminación ferroviaria de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:02
Nº Rexistro: 24316
Data envio: 29/01/2018 17:02:51.990

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 11:03:02

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 11:03:09

Reunión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.03.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 24454(10/PNC-001929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para arranxar as deficiencias existentes na estación de tratamento de auga potable do concello de Ordes, así como na rede de abastecemento municipal

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24454
Data envio: 30/01/2018 17:57:56.120

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

No mes de febreiro deste ano, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou varias iniciativas para que o Goberno galego nos informase sobre as medidas que van adoptar ante as deficiencias existentes na ETAP do concello de Ordes.

Á vista da resposta dada no mes de setembro por parte da Xunta de Galicia, así como da falla de interese por solucionar este problema, que pode afectar á saúde dos veciños e veciñas que se abastecen desta estación, os Socialistas reiterámoslle as iniciativas.

O concello de Ordes ten unha poboación de 12.669 habitantes, segundo os últimos datos publicados polo INE (01.01.2016).

A ETAP que abastece de auga potable a este concello é bastante antiga, sen que tivese un axeitado mantemento durante este tempo o que ocasionou a situación de deterioro que presenta na actualidade.

A dita estación dispón de dúas liñas de tratamento das augas, unha delas está fóra de funcionamento por presentar varios problemas técnicos, deficiencias existentes no decantador e no filtro aberto.

Estas deficiencias unidas o aumento da poboación no núcleo urbano do municipio fai que aumenten as necesidades de consumo de auga, o que provoca que se supere aínda máis o caudal que pode tratar actualmente a ETAP.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24454
Data envio: 30/01/2018 17:57:56.120

A capacidade dos depósitos existentes é de 1.700 m3 e estímase que o consumo actual punta ascende a 2.000 m3/día, polo que o caudal tratado pola planta non chega para abastecer as solicitudes, xa que en caso de deficiencia ou avaría o subministro non estaría asegurado nin durante as primeiras vinte e catro horas seguintes á aparición da deficiencia, comprometendo o abastecemento dos usuarios.

Os técnicos de Augas de Galicia visitaron a ETAP xunto co persoal encargado do mantemento e explotación das instalacións para poder analizar o problema, e constataron a existencia do dito problema de capacidade de tratamento e mal estado de conservación das instalacións debido á súa antigüidade.

O Pleno do Concello de Ordes aprobou por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta de Galicia a:

Levar a cabo as obras necesarias de mellora da ETAP e o resto das actuacións necesarias na rede de abastecemento municipal. Demoler a segunda liña de tratamento de auga potable e acometer unha nova que atenda ás necesidades da poboación.

Levar a cabo as obras de mantemento necesarias no edificio de control existente. Mellorar a rede de abastecemento de auga potable do concello, dende a estación de tratamento aos depósitos, cunha nova impulsión con bombeo dende o edificio de control da planta.

Ante esta situación, reiterada xa en varias ocasións, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Acometer as reformas necesarias para a mellora da ETAP de Ordes, así como o resto das actuacións na rede de abastecemento municipal.

2ª) Demoler a segunda liña de tratamento de auga potable e acometer unha nova que atenda ás necesidades da poboación.

3ª) Levar a cabo as obras de mantemento necesarias no edificio de control existente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:57
Nº Rexistro: 24454
Data envio: 30/01/2018 17:57:56.120

Grupo Parlamentario

4ª) Mellorar a rede de abastecemento de auga potable do concello de Ordes, dende a estación de tratamento aos depósitos, cunha nova impulsión mediante bombeo dende o edificio de control da planta.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 17:49:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/01/2018 17:49:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2018 17:50:06

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2018 17:50:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 17:50:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es